



# falaRedes

programa de dinamización lingüística

## A VIAXE DE ROSALÍA

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta A viaxe de Rosalía. A segunda das actividades do FalaRedes 2016 chegará a trece concellos que forman parte da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia. Con ela, e da man da actriz Larraitz Urruzola, viaxaremos nun espectáculo que combina monicreques de mesa e música inspirado na figura da escritora máis recoñecida da nosa literatura: Rosalía de Castro.

O espectáculo, de 45 minutos de duración, está pensado para público xeral a partir dos seis anos de idade. A obra ten como fío condutor a Francisca do Campo, que leva século e medio contando a historia da súa querida afillada. Quen mellor para achegarnos a Rosalía que a propia madriña que axudou a criala? Da súa man coñeceremos as vivencias cotiás e entrañables que foron conformando a personalidade da que máis tarde se convertería nunha das cimeiras das nosas letras.

A viaxe de Rosalía servirá para afastar algúns tópicos e coñecer máis de preto a historia dunha muller culta, valente e traballadora. Unha escritora que soubo reflectir maxistralmente o tempo que lle tocou vivir. Naquela pequena que Francisca criou están as vivencias que marcarán o futuro periplo vital dunha das mulleres máis importantes da historia de Galicia. Con esta nova actividade, FalaRedes homenaxea por segunda vez a autora galega máis universal para contribuír a divulgar a súa figura desde a RDL.

A obra xira arredor dos monicreques de Larraitz Urruzola, da música e da súa propia interpretación actoral. Pero A viaxe de Rosalía vai moito máis aló. Estamos diante dun coidado espectáculo no que traballou un recoñecido elenco artístico e técnico galego. Ademais da propia Larraitz (produtora, actriz e construtora dos monicreques), este espectáculo é posible grazas a un equipo composto por Lucho Penabade (autor e director); Luís Javier Iglesias (cabezas dos monicreques de Rosalía e aderezo); Olga Viéitez (vestiario e corpos de Rosalía); Mirari Urruzola (escenografía); José Luís do Pico (espazo sonoro); Juan Luís Rúa (fotografía) e Xosé Bocixa (vídeo).

Coma sempre no FalaRedes, a entrada á actividade é libre e de balde ata



@Falaredes



Programa Falaredes

completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega ([www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)) e tamén nas redes sociais do programa.

## A VIAXE DE ROSALÍA

### MARZO

- Sábado 5: **Frades**, no Local Multiúsos, ás 11:30 h
- Domingo 6: **Cerceda**, no Auditorio Municipal, ás 18 h
- Sábado 12: **Guitiriz**, na Casa Habanera, ás 18:00 h
- Domingo 13: **Mondariz**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Sábado 19: **Padrón**, no Auditorio Municipal, ás 18:30 h
- Domingo 20: **A Lama**, na Casa do Pobo ás 18:30 h

### MAIO

- Domingo 1: **Ponteareas**, no Auditorio Municipal Reveriano Soutullo, ás 18:00 h
- Sábado 7: **O Rosal**, no Auditorio Municipal, ás 18:30 h



### ABRIL

- Sábado 2: **Curtis**, no Edificio de Usos Múltiples de Teixeira, ás 12:00 h
- Domingo 3: **Mondoñedo**, na Casa da Xuventude, ás 18:30 h
- Sábado 9: **Pontedeume**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Domingo 17: **Santa Comba**, no Edificio Multiúsos, ás 18:00 h
- Sábado 23: **Vilamarín**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 h

